

AUGA

Directora: Deepa Mehta

Ano: 2006

CUESTIÓNS

- 1.- Cal é a situación da muller na India?
- 2.- Comenta estas frases que aparecen no filme:
 - "Unha viúva debe sufrir até que morre. Debe ser comedida e casta"
 - "Unha esposa que permanece casta despois da morte do seu esposo vai ao ceo"
 - "Unha muller infiel volve nacer no ventre dun chacal"
 - "Unha esposa é parte do esposo mentres el vive e cando o esposo morre, a metade da muller tamén morre"

Textos sagrados do hinduísmo

- 3.- A que idade pode casar unha muller na India? Por que razón casan?
 - 4.- Por que as viúvas levan o pelo curto e van vestidas de branco?
 - 5.- Que son as casas de viúvas e para que serven?
 - 6.- A nena protagonista pregunta "onde está a casa dos viúvos?". Por que cres que produce tanto escándalo esa pregunta?
 - 7.- Sinala algunha das prohibicións que pesan sobre as viúvas. Por exemplo, non correr como unha moza solteira, a sombra dunha viúva non debe tocar unha noiva que vai casar...
 - 8.- Na película móstrase a dobre moral da sociedade india: por unha banda, a preocupación pola castidade e pureza das viúvas e pola outra a prostitución das viúvas ao servizo das clases altas. Por que cres que sucede isto?
 - 9.- O baño no río Ganges, río sagrado da India, serve como purificación para alguén que está contaminado. Explica que é a contaminación e como a pode producir unha viúva.
 - 10.- Segundo o budismo, os anos de sacrificio aproximan a persoa á autoliberación, isto é, a desprenderse dos desexos mundanos. É así no caso das mulleres da casa de viúvas? Razona a resposta.
 - 11.- Explica en que consiste a cerimonia que se realiza cos cadáveres no hinduísmo. Por que se considera algo positivo reencarnarse despois da morte nun home?
 - 12.- As tradicións deben conservarse? Por que?
 - 13.- Os libros sagrados dan tres opcións para as viúvas:
 - a) arder na pira
 - b) levar unha vida
 - c) casar co
- Cando se introduce unha lei que permite casar as viúvas esta ignórase. Como se xustifica na película este descoñecemento da nova lei?
- 14.- Que son os Brahmáns?
 - 15.- Cal é a verdadeira razón para facer permanecer ás mulleres nas casas de viúvas? É relixiosa?

Segundo o censo de 2001, hai na India 34 millóns de viúvas